


MYKES

ΜΥΚΕΣ



BOLETÍN DO
GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

VOLUME 25
2022

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 25
2022



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

CONSELLO EDITORIAL

Coordinador José Rodríguez Vázquez

Consello de redacción:

Tixiana Albizúa Cabaleiro
Xan Bellón Muñiz
María Cabaleiro Alfaya
Patricia Comesaña Martínez
Hugo Fernández Ricón
Purificación Lorenzo Castro
Adrián Melón Raña
Gabriel Pérez Torrón
Mauro Rivas Ferreiro
Sergio Rojo Martínez

Consello científico asesor:

Nicanor Floro Andrés Rodríguez
Marisa Castro Cerceda
Ignacio García González
Alfredo Justo Fernández
Margarita Pérez Froiz
Antonio Rigueiro Rodríguez
Elvira Sahuquillo Balbuena

Maquetación:

M^a Ángela Comesaña Martínez

Os manuscritos remitidos a Mykes son revisados por asesores externos antes de seren aceptados ou rexeitados

SUBSCRICIÓN E EDICIÓN: Grupo Micológico Galego “Luís Freire”

DIRECCIÓN: Apartado de Correos 3083 (E-36200 - Vigo)

e-mail: conselloeditorial@mykes.es

web: www.mykes.es

Subscripción anual 10 €

Foto da cuberta: Placa homenaxe ao Dr. Luís Freire situada no parque de Santa Margarita (A Coruña)

IMPRIME: PLANOPRINT SLNE

ISSN: 1575- 068X

DEP. LEGAL: VG: 709-98

A «SABIA» DE TORBEO (RIBAS DE SIL, GALICIA), FILOMENA ARIAS ARMESTO, E OS COGOMELOS

por
M.L. CASTRO* & M. CABALEIRO*

CASTRO, M.L. & CABALEIRO, M. 2022. A «sabia» de Torbeo (Ribas de Sil, Galicia), Filomena Arias Armesto, e os cogomelos. *Mykes* 25: 146 -153.

RESUMO

Neste artigo dase conta da vida e obras de Filomena Arias Armesto, unha das últimas curandeiras galegas da que temos constancia de que usou cogomelos nas súas curacións e videncias.

Palabras clave: Galicia, meiga, bruxa, cogomelos, curación, videncia.

CASTRO, M.L. & CABALEIRO, M. 2022. The medicine woman of Torbeo (Ribas de Sil, Galicia), Filomena Arias Armesto, and the mushrooms. *Mykes* 25: 146-153.

SUMMARY

This article gives an account of the life and works of Filomena Arias Armesto, one of the last Galician healers who was known to use mushrooms in cures and clairvoyance.

Key words: Galicia, «meiga», witch, wise, mushrooms, healing, clairvoyance.

INTRODUCCIÓN

Desde tempos inmemoriais o mundo rural galego sobreviviu con grandes carencias estruturais e económicas que

*Universidade de Vigo; correos: ml.castro@sapo.pt; m.c.alfaya@gmail.com

complicaban a supervivencia dos labregos. Era tal o problema económico que tiñan estas xentes, que era máis fácil acudir a un veterinario cando un animal estaba doente, que a un médico cando o estaba unha persoa: os animais custaban moito diñeiro e eran a base da súa supervivencia, os fillos, como diría Castelao, facíanse na casa.

E, de feito, ata o primeiro goberno socialista (1982-1996) non dispuñan de seguridade social gratuíta, o que provocaba que, debido ás súas escasas economías, para curar as súas enfermidades tiveran que acudir a menciñeiras, curandeiras, sabias... (MARTÍNEZ, 2020). E decímolo en feminino porque eran maioritariamente mulleres as que desenvolvían este traballo. Os homes eran máis ben compoñedores de ósos, tendóns e articulacións. Son «oficios» que actualmente están a desaparecer, en boa medida porque as condicións sanitarias e estruturais desta poboación cambiaron.

Eran persoas que dedicaban o seu tempo e o seu saber a todos os que os ían consultar. Normalmente non cobraban diñeiro en metálico, senón que agradecían aquilo que lles puideran deixar. Esta era outra razón pola que acudían a eles os habitantes do rural, de tan escasas economías que para tratar as súas enfermidades non podían pagar en diñeiro, pero si en especias ou en días de xornal, por exemplo na sega do centeo ou do trigo, na «monda» (sachado para eliminar malas herbas) da horta ou dos cultivos, na roza ou no cavado do monte... Resultaba máis doado pagar así que facelo en metálico ao médico.

FILOMENA ARIAS ARMESTO, SINOPSE BIOGRÁFICA

Filomena foi unha desas mulleres sabias, adiviñas e curandeiras, que tivo unha historia de vida, segundo transcendeu, a medio camiño entre o real e o máxico. De certo, non se saben demasiadas cousas, pero foi probablemente a máis importante curandeira de Galicia, que pasou a ser coñecida como a «sabia ou a meiga de Torbeo». Hoxe é un mito que traspasa ás fronteiras galegas, en boa medida, polo esforzo de Antón Patiño

Regueira en dala a coñecer durante os convivios galaico-portugueses de medicina popular (TOUZÓN, 2016).

Naceu no concello de Ribas de Sil (Lugo), na aldea de Torbeo, no ano 1865 (outras fontes din que 1885), e faleceu na de Rairós, en 1938. Ao parecer, nos primeiros anos a súa vida era como a de calquera muller do rural galego, traballaba e coidaba da casa e da familia, e así estaba previsto que continuase ata atopar un home ao que coidar e darlle fillos e, parece ser que como a maior parte das mulleres daquela época no rural, era analfabeta ou sabía unicamente soletrear.

Tivo un fillo de solteira, Domingo, co que se marchou vivir un tempo a Madrid a servir como criada, aproveitando o tempo libre para visitar bibliotecas e consultar algún libro de plantas (PATIÑO, 2002). Con todo, ao cabo duns anos regresou á súa aldea, onde unha tarde cando participaba cun grupo de veciñas nun fiadeiro de lá, decidiu ir á fonte da Cruz a beber un pouco de auga fresca. Ninguén sabe o que alí pasou, pero cando foron a buscala, atoparon a Filomena moi excitada, como se estivese a sufrir un ataque epiléptico, «ladrando coma un can», con convulsións e intentando bater coa cabeza contra as pedras. Algunhas das mulleres agarrárona ata que se calmou (TOUZÓN, 2016).

Eses ataques, así de súpeto, poden deberse a un traumatismo, ao consumo de substancias alucinóxenas ou a algún outro desarranxo neuronal da persoa e que non se tivese manifestado antes. Pero, como naquela época a epilepsia era unha enfermidade bastante descoñecida, pensábase que as convulsións e os sons que producían os enfermos durante o episodio eran obra do diaño. Esa foi a conclusión á que chegaron os moradores da aldea naquela tarde. Parecía claro que a muller, a través da auga, fora posuída polo demo.

A partir desa data as convulsións continuaron, polo que o crego pensou que quedara posuída por espíritos malignos e que era necesario quitarllos do corpo. Había que practicarlle un exorcismo! E, de feito, consta no libro parroquial que foi exorcizada (FERNÁNDEZ, 2021).

Ao parecer, o ritual de exorcismo foi practicado preto da igrexa, xa que ela non quería nin ver o cura, nin entrar nela. Do mesmo xeito que se vía facer no Corpiño (Lalín) no último cuarto do século XX, varios homes termaban dela e o crego dicía as xaculatorias pertinentes e aplicaba os obxectos sagrados de costume. Así, o señor cura conseguiu que expulsara dous espíritos en forma de can, que saíron, segundo uns pola boca e segundo outros polos dedos dos pés, e afirmou que outros tres quedaron no interior do corpo da muller e que só conseguía sacalos polos ollos, pero nese caso, a muller podería ter graves problemas de saúde e incluso quedar cega (GONÇALVES DA COSTA, 2002). En consecuencia, os participantes do ritual quedaron convencidos de que Filomena seguía posuída polo maligno.

Durante os ataques que seguiu a ter, era cando Filomena desenvolvía as súas dotes de adiviña, e falaba en castelán, o que non parece raro se tiña vivido varios anos en Madrid.

Son moitas as historias que se contan sobre persoas que se foron a consultar con ela para que localizara familiares dos que había tempo non sabían nada ou para que atopara obxectos perdidos. Moitas veces nin sequera tiñan que dicirlle a que ían, porque ela, antes de que lle preguntaran, xa respondía. Acadou tal sona que a visitaban persoas de toda Galicia, norte de Portugal, Asturias, Castela e ata emigrantes que vivían en América (PATIÑO, 2002, MARCO, 2010).

Anos máis tarde tivo un compañeiro, David Bascoy, un acomodador nos cines vigueses que, segundo uns, coñeceu en Vigo e a acompañou a Torbeo, e segundo outros, tratábase dun cliente seu, que debeu quedar tan fascinado con ela que decidiu vivir alá e axudarlle a chegar a un maior público acompañándoa a feiras e aldeas dos arredores (Quiroga, Monforte, Sarria...). Parece que tamén era o que coidaba das herbas que usaba, o que pasaba as «receitas» escritas a máquina e o que lle levaba a contabilidade, e viviu en Torbeo ata que Filomena se tivo que ir para Monforte (PATIÑO, 2002, TOUZÓN, 2016).

A pesar de que só facía o ben e de forma un tanto altruísta, xa que só cobraba a vontade e en especias (outros din que nos últimos era un peso de prata por consulta), no ano 1936, perseguida polas autoridades relixiosas, acusada de estar endemoniada e de actuar por influencia do maligno, foi desterrada. Primeiro a Monforte, e pouco despois instalouse en Vilachá, onde foi acollida por Ana González da Casa do Garrido, que a coidou ata os últimos anos de vida (CORA, 2019).

Filomena pediu ser enterrada na súa aldea natal, pero non conseguiron chegar con ela a Torbeo, faleceu en Rairos e alí foi sepultada nunha fosa común (Marco López, 2010). E, en 2004 descubriuse unha placa conmemorativa no lugar, en honra da curandeira «á que só lle faltou ser torturada para lembrar os tempos da Inquisición, que encarceraban, torturaban e desterraban ás mulleres como a «meiga de Torbeo», como xa tiña ocorrido, nas terras da «sabia de Torbeo», con Madalena das Pereiras, a «vedoreira de Canide» a mediados do século XVII (GONÇALVES DA COSTA, 2002).

Para homenaxeala e resaltar a súa figura comezaron, a partir de xuño do ano 2000, a celebrarse convivios de estudosos galaico-portugueses sobre menciñeiros e curandeiros, que perduraron ata o falecemento do organizador e promotor Antón Patiño, autodenominado «O Vello». Algunhas das conclusións que neles se obtiveron foron publicadas en cadernos por el na editorial Librodouro.

A «SABIA DE TORBEO» E OS COGOMELOS

A sona de Filomena Arias Armesto, a «sabia ou a meiga de Torbeo» segue máis viva que nunca, en boa medida, debido a Antón Patiño Regueira (1919-2005), coñecido libreiro, filatélico, marchante de arte, afeccionado aos cogomelos e ás herbas medicinais; un home da cultura galega.

Antón Patiño era coruñés de nacemento e vigués de adopción, aínda que viviu coa súa familia política durante algúns anos en Monforte e, ao parecer, foi onde soubo da existencia da «sabia

de Torbeo» a través de persoas que a coñeceran. Era tal a admiración que esta muller expandía entre quen a tiña tratado, que desde a década dos 50 buscou información sobre ela e foi, sen lugar a dúbidas, a primeira persoa que afirmou que o poder de certas plantas e cogomelos alucinóxicos estaban na orixe dos seus transos (PATIÑO, 2002).

Durante as súas investigacións seguiu os seus pasos a través de persoas que a tiñan tratado directamente ou a través dos seus pais e dos seus avós. Menciona ata dezoito informantes con nomes e apelidos, entre os que destaca o propio neto da «sabia», David Arias. Localizou e fotografou as casas nas que vivira, falou con persoas que a axudaron durante os últimos tempos, cando foi inxustamente desterrada pouco antes de que ocorrera a súa morte en Rairos. Localizou partidas de nacemento e os datos do seu compañeiro en Vigo... (Antón Patiño, 2022).

A primeira idea deste polifacético investigador foi ir xuntando datos para publicar un libríño sobre a vida da curandeira e sobre as herbas que utilizaba, pero desgraciadamente nunca o chegou a facer, aínda que deixou un amplo e detallado artigo (PATIÑO, 2002). Con todo ese material deu varias conferencias sobre Filomena Arias, en España, Portugal e Italia.

En Madrid, Filomena tivo un compañeiro, co que viviu varios anos e chegou a adquirir unha casa, que foi vendida despois polo fillo pouco antes de ela falecer. Ese home era un avanzado librepensador anarquista, que tamén foi mestre do seu fillo, e que axudou na formación da propia Filomena, por iso, cando regresa a Torbeo a súa formación «botánica» era moi superior a cando marchara.

Segundo as investigacións e deducións realizadas por Patiño ela utilizaba a cutícula seca do reventabois (*Amanita muscaria*) para abrir a mente e adiviñar o futuro (*comunicación persoal*) e debía consumir outros enteóxicos, como o estramonio (*Datura stramonium*) con anís, que compraba en cantidades importantes, probablemente para suavizar o amargor e o cheiro da planta. Tamén importaba de herbolarios, que ela coñecía en Madrid,

outras especies alucinóxenas non existentes en Galicia, como a mandrágora (*Mandragora officinalis*) e a belladona (*Atropa belladonna*) co fin de entrar en tronso (PATIÑO, 2002).

É, de feito, o estramonio, unha planta introducida desde América a partir do século XVII, que foi amplamente utilizada en bruxería, a pesar de que os efectos poden ser desagradables e de difícil manexo, xa que provoca arritmias, convulsións, espumallo..., é dicir, algo semellante aos ataques epilépticos agudos. Na Península Ibérica coñécense casos recentes de falecemento e problemas de esquizofrenia por consumo de froitos e sementes.

Recentemente, J. Ramón Blanco, fillo e neto de dous ardentes defensores das curacións realizadas pola «sabia de Torbeo» contounos como esta muller tiña salvado a un irmán seu, que con 6-7 anos fora intoxicado por cogomelos. Non sabía con certeza de que cogomelo se trataba, pero si que sufría vómitos e diarrea e que o médico o tiña desahuciado. A avoa, xa desesperada, levouno a Filomena e esta, despois de observalo, recomendoulle que lle dera durante uns días pan de centeo balorecido, é dicir, con mofo verde. Así o fixo a avoa e o neno salvouse.

Curiosamente o mofo verde corresponde a varios xéneros de fungos, os máis frecuentes son *Cladosporium*, *Aspergillus* e *Penicillium*. Todos eles poden causar problemas de saúde a quen os consome, pero este último é famoso polas propiedades antibacterianas que posúe, de feito, de *Penicillium notatum* foi obtida a penicilina. E, resulta curioso que actualmente, un dos tratamentos realizados con certa eficacia para as intoxicacións hepatotóxicas, como as provocadas por *Amanita phalloides*, sexa mediante a aplicación de grandes doses de Penicilina G como protector hepático (PIQUERAS, 1996). Haberá algunha relación entre ese tratamento de Filomena Armesto e os descubertos polos investigadores médicos?

É evidente que estas mulleres intentaban curar e adiviñar con máis ou menos tino. Seguramente, os acertos foron os que transcenderon a través dos seus adeptos, e os erros pasaron sen

pena nin gloria ou foron esquecidos, pero para non emitir opinións subxectivas sobre elas, probablemente debamos lembrar as palabras de Prisciliano, no Códice de Wurzburg (século IV): «ninguén ten dereito a condenar o que non sabe, non le ou non quere investigar». A investigación avanza e, probablemente, dentro duns anos moitos dos fenómenos paranormais que hoxe non teñen explicación científica, si a teñan.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Antón Patiño Rigueira 2022. En: *Galipedia, a Wikipedia en galego*. 23 de abril. Dispoñible en:
https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Ant%C3%B3n_Pati%C3%B1o_Regueira&oldid=6091538 [Consulta: 25/04/2022].
- CORA, J. DE. 2019. “Filomena Arias Armesto. La mujer que llamaba Manolón a Dios”. *El Progreso*. 4 de abril. Dispoñible en:
<https://www.elprogreso.es/articulo/album-de-los-lucenses/filomena-arias-armesto/201904042216501369131.html> [Consulta: 25/04/2022].
- FERNÁNDEZ AMIL, I. 2021. “Filomena Arias, ¿meiga o sabia? Una gallega extraordinaria”. *Quincemil*. 28 de febreiro. Dispoñible en:
<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/cultura/filomena-arias-meiga-o-sabia-una-gallega-extraordinaria> [Consulta: 25/04/2022].
- GONÇALVES DA COSTA, J. 2002. Comportamento da «meiga» de Torbeo. In: A. Patiño Regueira (Coord.). *Albeites, Compoñedor@s e menciñeir@s. III Convivio Galaico – Portugués*. Vigo. Librodoiro: 12-54.
- MARCO LÓPEZ, A. 2010. Filomena Arias Armesto. In: VV.AA. *Gran enciclopedia gallega. Tomo 42. Apéndice 2005/2010 [abad/conde]*. A Coruña. Novos Vieiros: 59.
- MARTÍNEZ, T. 2020. *Galicia Secreta: petroglifos, ritos atávicos, mitología, castros sagrados, megalitos y medicina ancestral*. Editorial Almuzara.
- PATIÑO REGUEIRA, A. 2002. Crónica en catro actos da vida de Filomena Arias Armesto. In: A. Patiño Regueira (Coord.). *Albeites, Compoñedor@s e menciñeir@s. III Convivio Galaico – Portugués*. Vigo. Librodoiro: 56-67.
- PIQUERAS, J. 1996. *Intoxicaciones por plantas y hongos*. Editorial Masson.
- TOUZÓN VEIGA, V. 2016. A bruxa de Torbeo. *Raiola*, 29: 36.

MICROBIOTA

GAREA, M. & REQUEJO, O. <i>Choeroglyphus subfulmineus</i> , unha nova cita para unha especie recentemente descuberta.....	1
REQUEJO, O. & CASTRO, M. L. Forma albina de <i>Aseroë rubra</i> Labill. na ZEC das Gándaras de Budiño (Pontevedra).....	13
BLANCO-DIOS, J. B. Micobiota da Illa de Tambo (Poio, Pontevedra). (I).....	17
ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O. Estado actual do estudo dos Myxomycetes G. Winter (Eumycetozoa L.S. Olive) en Galicia (NO. Península Ibérica) II: Catálogo bibliográfico actualizado ata o ano 2021	55
CASTRO, M. L. Aportación ao coñecemento da micobiota do concello de Cortegada (Ourense, NO. de España).....	89
REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. Estado actual do estudo dos Myxomycetes G. Winter (Eumycetozoa L.S. Olive) en Galicia (NO. Península Ibérica) III: Ecoloxía e patróns de frutificación.....	111

COMUNICACIÓNS

MÍNGUEZ, A. A presenza dos cogomelos na prensa galega. O papel dos medios de comunicación na divulgación micolóxica galega (1961-2021): <i>La Voz de Galicia</i>	113
CASTRO, M. L. & CABALEIRO, M. A «sabia» de Torbeo (Ribas de Sil, Galicia), Filomena Arias Armesto, e os cogomelos.....	146

MISCELÁNEAS

Actividades.....	157
Instrucións aos autores.....	159